

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: Obra pavimentación na rúa Monte Adairo e Monte Pía paxaro

Asunto: acta lectura informe xustificación baixa temeraria- selección oferta-req documentación

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN EN RÚA MONTE ADAIRO E MONTE PÍA PAXARO (EXP. REF 2018-71). LECTURA INFORME XUSTIFICACIÓN BAIXA TEMERARIA. REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN Á EMPRESA SELECCIONADA.- -----

Sendo as 13:00 horas do día 30 de xullo de 2019, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica,
- don Manuel Vázquez Fernández, Intervención municipal
- dona Oscar Roibas López, Enxeñeiro técnico municipal
- e actuando como secretaria dona Rosa M^a Díaz Iglesias, Administrativo do Servizo de Contratación

Abre a sesión o Sr. Presidente recordando que na sesión da Mesa de contratación do pasado día 19 de setembro de 2018, téndose establecido no prego de cláusulas administrativas particulares parámetros obxectivos para a determinación de ofertas anormalmente baixas conforme ó artigo 85 do RD 1098/2001, resultou que a oferta presentada pola mercantil **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL.** incorría en presunción de anormalidade, polo que a Mesa de contratación acordou conceder un prazo de 5 días hábiles á dita empresa para xustificar a súa oferta económica nos termos establecidos no artigo 149 da LCSP.

A devandita mercantil presentou a xustificación requirida en tempo e forma e polo servizo de Enxeñería procedeuse a emisión do informe do que se da lectura por parte do Sr. Presidente, que a continuación se transcribe, e que no que se conclúe que a oferta económica presentada pola mercantil **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL.** resulta xustificada:

“INFORME DE ENXEÑERÍA

Á vista da providencia do Servizo de Contratación pola que solicita informe relativo á xustificación presentada pola empresa Construcciones Taboada y Ramos, S.L. en relación coa súa oferta económica para a obra de PAVIMENTACIÓN EN RÚA MONTE ADAIRO E MONTE PÍA PAXARO (EXP. REF. 2018-71), a cal foi considerada anormal ou desproporcionada en aplicación dos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, infórmase:

A Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, regula no seu artigo 149 o relativo ás ofertas anormalmente baixas. Concretamente no apartado 4 refírese á xustificación das condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel de prezos e custos da mesma, especificando en particular os valores nos que debe basearse a xustificación.

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: Obra pavimentación na rúa Monte Adairo e Monte Pía paxaro

Asunto: acta lectura informe xustificación baixa temeraria- selección oferta-req documentación

Neste sentido, analízase a continuación a xustificación da oferta económica presentada por Construcciones Taboada y Ramos^o, S.L. e a súa adecuación ó estipulado pola LCSP ó respecto.

O licitador presenta xustificación da oferta económica realizada para a obra de referencia, en base fundamentalmente ás seguintes cuestións:

Situación da empresa pola natureza da obra a executar e a dispoñibilidade de medios propios suficientes así como dilatada experiencia en obras desta tipoloxía

A empresa Construcciones Taboada y Ramos, S.L. conta con dous equipos de extendido completos e dúas plantas de fabricación de mesturas bituminosas en quente (Melide (A Coruña) e Toén (Ourense)), o que lle permite non depender de provedores para a partida fundamental desta obra.

Dispoñibilidade de medios propios, tanto en materiais como en maquinaria e man de obra

A capacidade e solvencia técnica da empresa está moi por encima das necesidades concretas para a execución desta obra.

Xustificación de prezos

Construcciones Taboada y Ramos, S.L. presenta unha relación de prezos, para os que presenta prezos descompostos, entendendo que están debidamente xustificadas.

Presentan oferta detallada por unidades de obra, extensamente xustificada, aportando unha descomposición de cada prezo unitario que ben se pode considerar unha xustificación (con prezos razoables e coherentes).

Xustifica a obtención dos Gastos Xerais da empresa para a devandita obra, que cifra un 8%, que se pode aceptar considerando que o desglose presentado obedece a que se trata dunha obra de pequena entidade que permite una rápida execución dos traballos o que ocasionará unha importante redución de custes xerais (fundamentalmente cifrada nos custes administrativos da mesma). Estímase aceptable a xustificación presentada.

Presenta na súa xustificación económica un beneficio industrial do 5%, indicando que é unha porcentaxe de beneficio suficiente para a Dirección da Empresa para este tipo de contratos. O razoamento se considera perfectamente lícito, dado que a redución neste concepto é moi pequena.

Xustificación de prezos das unidades de obra

O licitador presenta un estudo económico pormenorizado dos custos das diferentes unidades de obra que compoñen o proxecto, xustificando a redución de prezos con respecto a proxecto en base á súa condición de fabricante do principal produto necesario para a execución das obras, contando con medios propios para o seu extendido, así como medios persoais para realizar todos os traballos deste contrato sen depender doutros provedores, motivo polo que coñece e xustifica os prezos ofertados.

Da aplicación dos prezos xustificadas e as medicións do proxecto obtense como resultado o importe ofertado na licitación.

Como conclusión, á vista da documentación presentada pola empresa Construcciones Taboada y Ramos, S.L., o técnico que subscribe entende que as condicións da oferta están suficientemente xustificadas en base aos seguintes valores dos recollidos no artigo 149.4 da LCSP:

a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: Obra pavimentación na rúa Monte Adairo e Monte Pía paxaro

Asunto: acta lectura informe xustificación baixa temeraria- selección oferta-req documentación

b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras

polo que a oferta económica presentada pode considerarse xustificada.

Sen perxuízo de calqueira outra opinión mellor fundada en dereito.

É canto cabe informar.”

Á vista do cal os membros da mesa tendo en conta o informe técnico transcrito nas alíneas anteriores, o cadro de puntuacións das ofertas que se reflectiu na acta da mesa de contratación celebrada o día 19 de setembro de 2018 propoñen como oferta máis vantaxosa coa mellor relación calidade-prezo a presentada pola empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, coa seguinte oferta:

Prezo sen IVE : 20.100,00 euros.

IVE (21%): 4.221,00 euros.

Prezo total IVE incluído: 24.321,00 euros.

- *Un incremento do prazo de garantía de 48 (meses) a maiores do mínimo de doce meses establecidos como obrigatorio.*

- *Que o convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato no caso de resultar adxudicatario será o seguinte Convenio Construcción provincia Pontevedra*

- *Comunico que a empresa que represento NON ten previsto subcontratar a realización parcial deste contrato.*

Conforme ao disposto no artigo 149.7 lémbrese á unidade encargada do seguimento e da execución ordinaria do contrato a necesidade de establecer mecanismos adecuados para realizar un seguimento pormenorizado da execución do mesmo, co obxectivo de garantir a súa correcta execución sen que se produza unha merma na calidade das obras contratadas.

A continuación compróbase que a dita empresa **SI** está inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) polo que pode comprobarse e acreditase o cumprimento dos requisitos esixidos.

Requíreselle polo tanto para que presente no prazo máximo de 7 días hábiles dende o envío deste requirimento a constitución e presentación da garantía definitiva por importe de **1.005,00 euros**.

** Para proceder ó pagamento deste importe realizarase ingreso ou transferencia bancaria nas entidades financieras e contas que a continuación se relacionan indicando claramente o concepto (Garantía Definitiva) e o nome do procedemento de contratación e obxecto do contrato.*

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: Obra pavimentación na rúa Monte Adairo e Monte Pía paxaro

Asunto: acta lectura informe xustificación baixa temeraria- selección oferta-req documentación

- . Novagalicia Banco: ES59 2080 0101 56 3110000947
- . BBVA: ES78 0182-6219-51-0010165210
- . LA CAIXA-CAIXABANK: ES08 2100-5850-07-0200014045
- . BANCO SABADELL : ES35 0081-2141- 6600-0102-4611

Un xustificante desta transferencia ou ingreso deberá presentarse xunto co resto da documentación requirida, no seu caso, no Rexistro Municipal do Concello de Lugo (dirixido ás Oficinas Municipais do Servizo de Contratación) antes do remate do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación.

No caso de que a garantía definitiva se presente aval ou seguro de caución, o orixinal destes documentos presentárase igualmente xunto co resto da documentación requirida, no seu caso, no Rexistro Municipal do Concello de Lugo (dirixido ás Oficinas Municipais do Servizo de Contratación) antes do remate do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación.

Así mesmo requíreselle para que neste mesmo prazo de 7 días hábiles se acredite, a dispoñibilidade efectiva dos medios persoais e/ou materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato, así pois deberá relacionar as persoas que se van a adscribir xuntando os curriculums, titulacións esixidas, etc.... así como o compromiso asinado por cada un deles de que se incorporarán no equipo de traballo para a execución do contrato. No caso de medios materiais deberán relacionalos xuntando descrición e xustificación de dispoñibilidade.

Cómpre lembrar que para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato deberá presentarse, con carácter previo á formalización do contrato administrativo, certificación da Compañía de Seguros conforme o modelo que establece a cláusula décimo novena, conforme ó seguinte modelo:

A Compañía de Seguros con CIF

CERTIFICA:

1.- Que a empresa con CIF ten contratada con esta compañía a póliza de seguro co número con efecto dende o día..... e vencemento e que se atopa ao corrente do seu pagamento.

2.- Esta póliza de seguro ten as seguintes coberturas e límites/sublímites:

Responsabilidade civil

3°.- Este seguro cubre a responsabilidade civil pola actividade obxecto do contrato consistente en:

Obras de abastecemento

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: Obra pavimentación na rúa Monte Adairo e Monte Pía paxaro

Asunto: acta lectura informe xustificación baixa temeraria- selección oferta-req documentación

Así mesmo deberá remitir ao Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo con carácter previo ao inicio da prestación do servizo a documentación que se sinala na **cláusula 18.2** dos pregos de cláusulas administrativas relativo ao cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais así como do RD 171/2004, 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais.

Advérteselle que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose no seu caso a recadar a mesma documentación ó licitador seguinte, polo orden no que teña quedado clasificadas as ofertas, segundo establece o sinalado artigo 151.2 do real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Neste senso lémbbraselle que a autorización concedida por vostede ó órgano de contratación para recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios só se realiza a efectos da comprobación da veracidade das declaracións realizadas polo que deberán presentar en prazo toda a documentación requirida.

Non obstante, non será necesario a presentación da documentación anteriormente relacionada no caso de que xa estivera en poder do Concello nas dependencias do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento por tela presentada en anteriores convocatorias e estar plenamente actualizada (os certificados positivos teñen normalmente unha vixencia de seis meses dende a data de emisión). Neste caso deberán indicar no prazo para atender o requirimento estas circunstancias xunto coa data da súa presentación e expediente de contratación no que se atopan.

O que se lle notifica aos licitadores con indicación de que contra estes acordos da Mesa de Contratación poderán interponer os seguintes recursos.

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

O PRESIDENTE

XOSE MANUEL
CAO REI -
33856138T

Firmado digitalmente por XOSE MANUEL CAO REI
- 33856138T
Nombre de reconocimiento (DN):
2.5.4.13=Qualified Certificate: AAPP-FP-M-HW-
KUSU, cn=XOSE MANUEL CAO REI - 33856138T,
givenName=XOSE MANUEL, sn=CAO REI,
serialNumber=33856138T, title=XEFE DE
SERVIZO, ou=certificado electrónico de empleado
publico, ou=CONTRATACION, ou=CONCELLO DE
LUGO, c=ES
Fecha: 2019.07.31 14:34:24 +02'00'

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei

A SECRETARIA

ROSA
MARIA DÍAZ
IGLESIAS -
33307033C

Firmado digitalmente por ROSA MARIA
DÍAZ IGLESIAS - 33307033C
Nombre de reconocimiento (DN):
2.5.4.13=Qualified Certificate: AAPP-FP-
M-SW-CPSC, title=ADMINISTRATIVA,
ou=certificado electrónico de empleado
publico, ou=SERVICIO DE
CONTRATACION, PATRIMONIO E
FOMENTO, ou=CONCELLO DE LUGO,
serialNumber=33307033C, o=DÍAZ
IGLESIAS, givenName=ROSA MARIA,
cn=ROSA MARIA DÍAZ IGLESIAS -
33307033C, c=ES
Fecha: 2019.07.31 14:29:05 +02'00'

Asdo: Rosa M^a Diaz Iglesias